



ATENCIÓN DOMICILIARIA

Obxecto:

- Facilitar unha resposta educativa axeitada ao alumnado que non poida asistir con regularidade ao centro docente no que está escolarizado por un período prolongado, por prescripción médica, debido a enfermidade ou lesión (por un período de tempo **superior a 1 mes** ou alumnado cunha enfermidade crónica que sexa causa de faltas de asistencia ao centro de **seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses**).



ATENCIÓN DOMICILIARIA

Procedemento de solicitude da atención domiciliaria:

- ☐ Solicitude da nai/pai acompañada dos correspondentes informes dos servizos médicos indicando o tempo aproximado da convalecencia e a conveniencia de continuar o proceso formativo no domicilio.
- ☐ Elaboración dun informe polo profesor titor: resultados, medidas adoptadas, informe psicopedagógico
- ☐ Traslado da solicitude á Xefatura Territorial nun prazo máximo de 5 días lectivos.
- ☐ Informe de Inspección Educativa
- ☐ Resolución da Xefatura Territorial: concretando asignación horaria e duración desa atención.



ATENCIÓN DOMICILIARIA

Características:

- A atención educativa domiciliaria axustarase a un **programa individualizado** no que se farán constar os aspectos curriculares, metodolóxicos, organizativos, de coordinación, seguimento, temporalización e revisión periódica que garantan a adecuación ás circunstancias do alumnado.
- O **profesorado da atención educativa domiciliaria** elaborará o programa individualizado que se vai desenvolver durante o período de convalecencia a partir da programación do correspondente curso, facilitado polo profesorado titor do alumno/a, en coordinación e co asesoramento do departamento de orientación.
- **Profesorado:** profesorado dos centros específicos de educación de persoas adultas ou dos IES autorizados para impartir ensinanzas de persoas adultas. Con carácter temporal poderá ser un mestre/a do centro ao que pertenza o alumno/a se a súa participación ten carácter voluntario e non implica incremento de persoal do centro.



ATENCIÓN DOMICILIARIA

Seguimento:

O profesorado que realice a atención educativa domiciliaria elaborará, como mínimo, un informe mensual e/ou previo a cada avaliación. Cando remate a atención educativa domiciliaria entregarlle ao centro docente un informe final.

Avaliación:

A avaliación do alumnado con atención educativa domiciliaria e as decisión de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia do equipo docente do centro docente no que está matriculado.

Familias:

A nai, pai ou titores dese alumnado garantirán a presenza no domicilio dun familiar ou dunha persoa adulta proposta pola familia responsable durante o tempo de intervención do profesorado. Cando, por causas debidamente xustificadas e sempre de xeito puntual, isto non sexa posible, o alumnado non poderá recibir esta atención, polo que a familia deberá comunicarllo coa debida antelación ao profesorado asignado.